



Carballeira de A Madalena

Parroquia de Castrofeito
Lugar de A Madalena

Accesos: Pola N-634 dirección Curtis, cóllese un desvío á man esquerda na parroquia de Castrofeito que leva a Madalena.
Coordenadas: 42º56'02.2"N 008º24'47.1"W
Clasificación: Masa de carballos
Superficie: 6.299 metros cadrados aproximadamente
Altura dominante: Entre os 15 e os 20 metros aprox.
Diámetro medio: 40 centímetros aprox.
Especie predominante: Carballo (Quercus robur)
Especies acompañantes: Ningunha

Descrición da masa

Clasificación: Masa de carballos composta de árbores de media idade. Esta carballeira é o lugar de celebración dunha das romarías máis concorridas e veneradas no Concello de O Pino, a romaría de A Madalena.
Tipo de masa: Regular
Clase de idade: Fustal de mediana idade.
Estado fitosanitario: A masa atópase en bo estado.



Carballeira de Cimadevila

Parroquia de Pereira
Lugar de Cimadevila

Accesos: Pola estrada N-547 dirección Arzúa, cóllese un desvío á man dereita no lugar de O Amenal que leva ata a Carballeira de Cimadevila.
Coordenadas: 42º54'20.7"N 008º23'54.7"W
Clasificación: Masa de carballos
Superficie: 1,49 hectáreas aproximadamente
Altura dominante: Entre os 10 e os 15 metros aprox.
Diámetro medio: 40 centímetros aprox.
Especie predominante: Carballo (Quercus robur)
Especies acompañantes: Ningunha

Descrición da masa

Clasificación: Masa de carballos composta de árbores de idade nova. Esta carballeira é moi característica no Concello de O Pino, debido a que no lugar se atoparon os corpos de varios fusilados na Guerra Civil no ano 1936.
Tipo de masa: Regular
Clase de idade: Fustal de pequena idade.
Estado fitosanitario: A masa atópase en bo estado.



Carballeira de Santo Antón

Parroquia de Arca
Lugar de Santo Antón

Accesos: Pola estrada N-547 dirección Arzúa, cóllese un desvío á man esquerda antes de chegar ao núcleo do Pedrouzo que leva á Carballeira de Santo Antón.
Coordenadas: 42º54'21.6"N 008º22'25.5"W
Clasificación: Masa de carballos
Superficie: 2.37 hectáreas aproximadamente
Altura dominante: Entre os 15 e os 20 metros aprox.
Diámetro medio: 60 centímetros aprox.
Especie predominante: Carballo (Quercus robur)
Especies acompañantes: Ningunha

Descrición da masa

Clasificación: Masa de carballos de fuste vello. Esta carballeira está atravesada polo Camiño de Santiago e as súas especies arbóreas forman unha das paraxes de maior encanto e beleza do tramo do camiño francés ao seu paso polo Concello de O Pino.
Tipo de masa: Regular
Clase de idade: Fustal de antiga idade.
Estado fitosanitario: A masa atópase en bo estado.





Carballeira de Vilaseco

Parroquia de Lardeiros
Lugar de Vilaseco

Accesos: Pola N-634 dirección Curtis, cóllese un desvío á man esquerda á altura de Lardeiros que leva a Vilaseco onde se sitúa esta carballeira.
Coordenadas: 42º58'56.2"N 008º18'18.1"W
Clasificación: Masa de carballos
Superficie: 4.730 metros cadrados aproximadamente
Altura dominante: Entre os 10 e os 15 metros aprox.
Diámetro medio: 40 centímetros aprox.
Especie predominante: Carballo (Quercus robur)
Especies acompañantes: Ningunha

Descrición da masa

Clasificación: Masa de carballos de mediana idade. Neste lugar celébranse anualmente dous dos eventos culturais máis importantes do Concello de O Pino, a Festa da Sega e a Festa da Malla, onde se recrean estes dous antigos oficios.
Tipo de masa: Regular
Clase de idade: Fustal de mediana idade.
Estado fitosanitario: A masa atópase nun bo estado.



Carballeira de Santa Irea

Parroquia de Arca

Lugar de Santa Irea

Accesos: Pola N-547 dirección Arzúa, ao pasar o núcleo de Arca- Pedrouzo, cóllese unha estrada á dereita paralela á estrada nacional á altura de Santa Irea onde se atopa a carballeira de San Pedro.

Coordenadas: 42º54'59.2"N 008º19'49.5"W

Clasificación: Masa de carballos

Superficie: 3000 metros cadrados aproximadamente

Altura dominante: 15 metros aprox.

Diámetro medio: 35 centímetros aprox.

Especie predominante: Carballo (Quercus robur)

Especies acompañantes: Ningunha

Descrición da masa

Clasificación: Masa de carballos de antiga idade

Tipo de masa: Regular

Clase de idade: Fustal vello

Estado fitosanitario: A masa atópase nun bo estado



Carballeira de Santo André

Parroquia de Gonzar

Lugar de Santo André

Accesos: Pola N-634 dirección Curtis, cóllese un desvío á man dereita á altura da parroquia de Gonzar que leva ata á Capela de Santo André, arredor da cal se sitúa a carballeira.

Coordenadas: 42º57'31.5"N 008º18'53.4"W

Clasificación: Masa de carballos

Superficie: 1.393 metros cadrados aproximadamente

Altura dominante: Entre os 25 e os 30 metros aprox.

Diámetro medio: 50 centímetros aprox.

Especie predominante: Carballo (Quercus robur)

Especies acompañantes: Ningunha

Descrición da masa

Clasificación: Pequena masa de carballos de fuste mediano cunha altura dominante de entre os 25 e os 30 metros. Neste lugar celébrase a romaría en honor a Santo André.

Tipo de masa: Regular

Clase de idade: Fustal de media-vella idade.

Estado fitosanitario: A masa atópase en bo estado.



Carballeira de Ponte

Parroquia de Cebreiro
Lugar de Pazo

Accesos: Pola estrada N-547 dirección Arzúa, cóllese un desvío á man dereita que leva ata Cebreiro onde se sitúa esta famosa carballeira.
Coordenadas: 42º54'57.8"N 008º15'42.4"W
Clasificación: Masa de carballos
Superficie: 2 hectáreas aproximadamente
Altura dominante: 25 metros aprox.
Diámetro medio: 80 centímetros aprox.
Especie predominante: Carballo (Quercus robur)
Especies acompañantes: Ningunha

Descrición da masa

Clasificación: Masa de carballos de antiga idade. Nesta fermosa carballeira celébrabase a denominada "Feira do Vinte", que se preparaba ese día de cada mes, e congregaba a unha gran cantidade de veciños da zona. Hoxe en día séguese celebrando unha pequena feira na que se degusta o polbo, o mesmo día nese mesmo lugar.
Tipo de masa: Regular
Clase de idade: Fustal vello
Estado fitosanitario: A masa atópase nun bo estado, aínda que existe algún exemplar seco.



Carballeira de Pastor

Parroquia de Pastor
Lugar de Igrexa

Accesos: Pola N-634 dirección Curtis, cóllese un desvío á man dereita á altura da parroquia de Pastor que leva ata a Igrexa parroquial. Na súa contorna sitúase esta carballeira.
Coordenadas: 43º00'05.1"N 008º15'20.4"W
Clasificación: Masa de carballos
Superficie: 1.807 metros cadrados aproximadamente
Altura dominante: Entre os 20 e os 25 metros aprox.
Diámetro medio: 50 centímetros aprox.
Especie predominante: Carballo (Quercus robur)
Especies acompañantes: Ningunha

Descrición da masa

Clasificación: Pequena masa de carballos que forman unha fermosa área recreativa cunha fonte. Serve como campo de festas parroquial de Pastor.
Tipo de masa: Regular
Clase de idade: Fustal de mediana idade.
Estado fitosanitario: A masa atópase en bo estado.



Cedro do Pazo do Marqués de Montesacro

Parroquia de O Pino
Lugar de Bermás

Accesos: Pola N-634 dirección Curtis, cóllese por un desvío á man dereita que leva ata o lugar de Bermás, onde se sitúa o Pazo do Marqués de Montesacro. No xardín do mesmo sitúase este cedro.
Coordenadas: 42°56'9.83"N 8°20'50.63"O
Clasificación: Árbore singular
Nome común: Cedro
Nome científico: Cedrus atlántica
Altura: 18 metros
Diámetro medio: 90 centímetros
Singularidade: As súas dimensións

Descrición da masa
Clasificación: Neste pazo sitúase este cedro que está considerado como o maior de Galicia con 18 metros de altura e 90 cm de diámetro na base do tronco. Resulta asombrosa a visión da súa copa que se deixa ver ao longo duns 90 metros cadrados.



Oliveira da Igrexa de Lardeiros

Parroquia de Lardeiros
Lugar de Igrexa

Accesos: Pola N-634 dirección Curtis, cóllese un desvío á man esquerda que leva a Lardeiros, onde se atopa a igrexa. No adro da mesma áchase a oliveira.
Coordenadas: 42°59'40.54"N 8°17'33.86"O
Clasificación: Árbore singular
Nome común: Oliveira
Nome científico: Olea europaea
Altura: 4 metros aproximadamente
Diámetro medio: 80 centímetros aproximadamente
Singularidade: As súas dimensións

Descrición da masa
Clasificación: Esta árbore encóntrase no adro da igrexa de Lardeiros, coñecida como a Catedral da Montaña. É unha árbore de gran porte que se bifurca en varias guías de considerables dimensións. A súa idade descoñécese aínda que son moitas as xeracións que contemplaron o seu crecemento.



Carballeira de A Bugalleira

Parroquia de Gonzar

Lugar de A Bugalleira

Accesos: Pola N-634 dirección Curtis, cóllese un desvío á man dereita na parroquia de Gonzar que conduce ata a Carballeira da Bugalleira.

Coordenadas: 42º57'24.7"N 008º19'20.2"W

Clasificación: Masa de carballos

Superficie: 1.301 metros cadrados aproximadamente

Altura dominante: Entre os 20 e os 25 metros aprox.

Diámetro medio: 40 centímetros aprox.

Especie predominante: Carballo (Quercus robur)

Especies acompañantes: Ningunha

Descrición da masa

Clasificación: Pequena masa de carballos que forman unha fermosa área para o descanso na parroquia de Gonzar. Este espazo serve como lugar de celebración da festa parroquial de Gonzar.

Tipo de masa: Regular

Clase de idade: Fustal de mediana idade.

Estado fitosanitario: A masa atópase en bo estado.

Corticeiras de Arca



Carballeira y área recreativa da igrexa en Arca



Carballeira de Outeiriño



Carballeira Playa Fluvial y área recreativa de Tarroeira



Carballeira y área recreativa de Gradamil



Carballeira de Vilar



Carballeira de Arca en CS



Carballeira da Feira do 20



Carballeira da fonte do Cuculín



Carballeira do camiño a Suso



Carballeira Camiño de Santiago Km 27,5



Carballeira do Camiño de Santiago Km 28



Carballeira do mirador do Casal



Carballeira fronte ao Pazo de Bermás



Carballeira da contorna a Villarrel



Carballeira de Villarrel



Carballeira da Capela de Santiso